

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

RESOLUCIÓN do 8 de maio de 2026, conxunta da Consellería do Mar e da Consellería do Medio Rural, pola que se actualizan os prezos públicos determinados no Decreto 143/2013, do 12 de setembro, polo que se fixan os prezos públicos polos servizos de residencia e comedor prestados nos centros de formación das familias marítimo-pesqueira e agroforestal, así como os prezos de matrícula na Aula de Seguridade e Salvamento, dependentes destas consellerías.

O Decreto 143/2013, do 12 de setembro, establece os prezos públicos exibibles polas prestacións dos servizos de residencia e comedor nos centros de formación das familias marítimo-pesqueira e agroforestal, así como os prezos de matrícula na Aula de Seguridade e Salvamento, dependentes destas consellerías.

Así mesmo, no seu artigo 6.1 determina o mecanismo de actualización dos prezos públicos. Os prezos así actualizados faranse públicos mediante resolución da persoa titular da consellería con competencias en materias de pesca, agricultura e forestal, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Por isto, e en virtude do parágrafo primeiro do artigo 6 do Decreto 143/2013, do 12 de setembro, polo que se fixan os prezos públicos polos servizos de residencia e comedor prestados nos centros de formación das familias marítimo-pesqueira e agroforestal, así como os prezos de matrícula na Aula de Seguridade e Salvamento, dependentes destas consellerías,

RESOLVO:

Primeiro. Actualizar os prezos públicos exibibles polas prestacións dos servizos de residencia e/ou comedor nos centros de formación da familia marítimo-pesqueira dependentes da Consellería do Mar, dos servizos de residencia e/ou comedor nos centros de formación e experimentación agraria da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), dependentes da Consellería do Medio Rural, e pola matrícula nos cursos de especialización en materia de seguridade, supervivencia e loita contra in-



cendios impartidos na Aula de Seguridade e Salvamento de Ferrol, quedando da maneira seguinte:

1. Catálogo de prezos públicos en residencias

Servizo	Prezo/persoa
Residencia en pensión completa curso escolar completo	2.517,68 €
Residencia en pensión completa por período inferior a un curso escolar	14,02 €/día
Xantar por bono semanal de cinco días	28,76 €
Xantar diario non regular	6,36 €/día

2. Catálogo de prezos públicos de matrícula en cursos na Aula de Seguridade e Salvamento de Ferrol

Curso	Prezo/persoa
Formación básica en seguridade (teórico)	498,90 €
Prácticas formación básica en seguridade	370,98 €
Avanzado en loita contra incendios	511,69 €
Embarcacións de supervivencia e botes de rescate (non rápidos)	575,66 €

Segundo. Esta resolución producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2026

Marta Villaverde Acuña
Conselleira do Mar

María José Gómez Rodríguez
Conselleira do Medio Rural

CVE-DOG: d5wwed9-0am3-k9x2-8xv1-6oxlggv6li35

